

As pensións de viuvez e de orfandade segundo o convenio

1.- Pensión de viuvez

A Seguridade Social (SS) paga a pensión de viuvez; e o Plan de Pensións (plan), cando corresponde por aplicación do Convenio Colectivo de Banca (CCB), complementa a pensión. Cando ten que complementar o plan? E canto?

Antigamente, a pensión de viuvez era o 45% da base reguladora da persoa falecida. Doutra banda, o CCB asegura que a pensión de viuvez non pode ser inferior ao 50% do salario de convenio da persoa falecida. É dicir, que se a pensión de viuvez da SS era inferior ao 50% do salario de convenio da persoa falecida, o plan complementaba a diferenza. Se a pensión era superior, o plan non complementaba nada. Na práctica, o plan case sempre tiña que complementar unha parte.

Agora as cousas cambiaron. A SS paga o 52% da base reguladora da persoa falecida. E o plan case nunca ten que complementar porque o 50% do salario de convenio é inferior ao 52% da base reguladora.

Por iso, no último convenio, no artigo 37 bis, engadiuse que o Banco SEMPRES tiña que facer un pagamento único de 6.000 € ao viúvo ou á viúva, aínda que a pensión de viuvez fose superior ao 50% do salario de convenio.

Exemplo 1:

Xosé e María son matrimonio. Xosé morre. O seu salario anual de convenio é de 30.000 €, a súa base reguladora anual é de 36.000 €.

O convenio asegura que a pensión de viuvez non pode ser inferior a 15.000 €.

A SS paga o 52% de 36.000 €. É dicir: 18.720 €. Que cobra María?

- 18.720 € da SS cada ano, revalorizado co IPC.
- 6.000 € do Banco o primeiro ano.

Exemplo 2:

Xoán e Rosa son matrimonio. Xoán morre. O seu salario anual de convenio é de 46.000 €. A súa base reguladora anual é de 36.000 €.

O convenio asegura que a pensión de viuvez non pode ser inferior a 23.000 €.

A SS paga o 52% de 36.000 €. É dicir: 18.720 €. Que cobra Rosa?

- 18.720 € da SS cada ano, revalorizado co IPC.

- 4.280 € cada ano do plan, sen aumento do IPC.

- 6.000 € do Banco só o primeiro ano.

2.- Pensión de orfandade

O convenio fai referencia no artigo 37, apartado b. Este artigo non variou. A SS pagará aos orfos (ata os 18 anos, pero se non traballan, ata os 22) o 20% da base reguladora da persoa falecida.

O CCB asegura que os orfos cobren o 20% do salario do convenio. Se a SS paga un importe superior ao 20% do salario do convenio, o plan non engade nada. Se é inferior, o plan complementa. Na práctica, o plan complementa moi pouco nestes casos.

Abril de 2009

Conéctate á nosa web: **People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > <http://www.comfia.net/bs/>**

Boletín de afiliación Enviar a ➡		3532-0002 CC.OO.	Sinatura
Nome	Ofi.:		 
Domicilio			
Poboación	C.P.:		
Cta. de cargo			
DNI			Data / /
Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para que exerzas os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lodp@cco.es ou chamar por teléfono ao 917028077.			